



Campaña de inverno 2019

8 prazas

Do 22 ao 25 de febreiro

Campaña de inverno para rapaces e rapazas de **11 a 15 anos inclusive** (cumpridos a 31 de decembro de 2019), residentes en calquera municipio da provincia. Os participantes gozarán de catro días na **estación invernal de Cabeza de Manzaneda**, ademais dos cursiños de esquí.

COTA DE INSCRICIÓN: No transcurso da inscrición será facilitado pola Deputación un número de conta onde se aboará a cota de **85,00 €** (oitenta e cinco euros), facendo constar o nome do/a neno/a, concello e **CAMPAÑA DE INVERNO 2019**.

INCLÚE: Transporte, estadía e manutención na estación invernal de Cabeza de Manzaneda, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remotes mecánicos e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos programados.

- **Recollida e Regreso:**

- **Estableceranse puntos e horarios de recollida** que serán indicados nesta mesma web para cada quenda. O autocar estará identificado co logotipo da Deputación da Coruña.
- O regreso será no mesmo lugar que a recollida. Saímos da Estación o luns despois do xantar.

- **Aloxamento:**

- O aloxamento será no **Albergue Bibei**, na propia Estación de Manzaneda, en réxime alimenticio de pensión completa, dende o xantar do venres ata o xantar do luns (ambos os dous inclusive), polo que todos os gastos están cubertos.

- Non é necesario que o neno/a leve cartos (agás que fose desexo dos pais para pequenos gastos : refrescos, auga...). De levarlos, deberán ter en conta que a entidade organizadora non se responsabilizará deles.

- **Equipo necesario:**

- Guantes
- Gorro
- Gafas de esquí e de sol
- Anorak térmico
- Pantalón impermeable ou similar
- Pixama e zapatillas e roupa interior
- Roupa de rúa (pantalóns, zapatos, suadoiros)
- Equipamento deportivo: camisetas, pantalóns, calcetíns, chancletas ducha, chándal e zapatillas de deporte
- Útiles de aseo: xampú, peite, pasta de dentes e cepillo, desodorizante, crema protectora de labios...
- Crema protectora de sol, factor 15 como mínimo
- Chuvasqueiro
- Mochila pequena
- Traxe de baño, toalla, gorro , chanclas e gafas para a piscina

O material específico da actividade de esquí entregaráse a cada participante na Estación.